

Mércores, 1 de Febreiro de 2006

Nova

Telexerontoloxía: un proxecto galego a seis bandas para mellorar a calidade de vida das persoas con limitacións físicas



As novas tecnoloxías do coñecemento non só nos manteñen máis informados senón que, ben administradas, poden ser abondo beneficiosas para a nosa saúde. Sobre todo, se a innovación traballa no camiño de mellorar a asistencia a aquelas persoas que, por calquera motivo, teñen limitada a súa mobilidade ou a capacidade cognitiva. Iso é, precisamente, a telexerontoloxía: engadir as vantaxes das novas

tecnoloxías ós avances da asistencia médica a distancia. Un exemplo disto é [o proxecto do mesmo nome](#), presentado este martes 19 no Centro Xerontolóxico de A Milagrosa da Coruña, unha iniciativa galega pioneira en Europa que permite efectuar valoracións cognitivas *on line* (consultas a distancia) e personalizar as actuacións terapéuticas.

Segundo este proxecto, non é preciso que se despreguen no fogar do doente incómodas infraestruturas, xa que os servizos tecnolóxicos tenden a ser cada vez máis invisibles. Para utilizar o sistema, desenvolvido polo Grupo de Xerontoloxía da Universidade da Coruña, unicamente fai falla liña telefónica convencional, un televisor e unha pasarela residencial (a peza que permite a interconexión de tódolos dispositivos e a comunicación co exterior). Para o funcionamento do sistema requírese un mando de control que cumpre tódolos criterios de accesibilidade para persoas con limitacións físicas ou cognitivas e unha pulseira de alarma, que é un dispositivo móbil que lle permite ó doente facer peticións de auxilio, estando fóra ou dentro do fogar, e que posibilita a súa localización inmediata.

Estas son as funcionalidades deste servizo:

- Aplicación para a xestión de historiais clínicos
 - Aplicación de teleestimulación cognitiva
- Videoconferencias de atención médica e rehabilitación
 - Dispositivo navegador accesible
 - Pulseira telealarma e localizador do usuario

O proxecto é tanto máis innovador en Galiza e España por ser unha iniciativa conxunta entre universidades (a da Coruña e a de Vigo, esta última co Grupo de Enxeñería Telemática), institucións (Dirección Xeral de I+D), fundacións (Obra Social de Caixa Galicia),


Entrevista



Enrique Varela

director do I Salón Profesional da Imaxe e a Comunicación

Firma convidada



Rede Compostela Wireless

unha ponte sobre a fenda tecnolóxica



centros de investigacións (CESGA), colectivos (Asociación de Pensionistas e Xubilados da Coruña) e empresas (a galega de telecomunicacións Televés). Tódalas persoas que participaron na presentación do proxecto coincidiron en salientar que, moi posiblemente, moi poucas veces se teñen xuntado tantas fronteiras distintas á hora de levar a cabo unha iniciativa que beneficia ostensiblemente á sociedade. Dito doutro xeito: non é habitual ver a unha empresa colaborando ombro con ombro con institucións públicas, universidades e asociacións. Sen embargo, non por ser pouco frecuente (coincidiron os responsables) debe pechase definitivamente este camiño de cooperación, senón todo o contrario. Ese é o vieiro a seguir. Para que se entenda, incluimos esta gráfica na que se especifican as diferentes achegas dos implicados.

